

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 17 DE MARZO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Proxecto de Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban tres novos plans de emerxencia exterior e dúas renovacións de determinadas empresas químicas situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e, complementariamente, a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

---

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia para a actualización da cobertura de ortoimaxes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e elaboración do modelo de elevacións do terreo para a zona Oeste, por importe de catrocentos trinta e oito mil douscentos noventa euros con noventa e un céntimos (438.290,91 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por importe de trescentos sesenta e nove mil douscentos sesenta e un euros con cincuenta e sete céntimos (369.261,57 euros), para financiamento das obras e actuacións pola concesión Presa de Caldas.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Valga para a execución da obra: “Colector xeral no río Louro. Concello de Valga (Pontevedra)”, clave OH.336.661, por importe de seiscentos trinta e un mil oitocentos oitenta e tres euros con sete céntimos (631.883,07 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Beariz para a execución da obra: “Abastecemento e saneamento en Muradás e Lebozán. Concello de Beariz (Ourense)”, CLAVE OH.532.754, por importe de trescentos setenta mil douscentos setenta e cinco euros con oitenta e seis céntimos (370.275,86 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adhesión do Concello de Caldas de Reis á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, correspondentes á orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de

---

concorrenza competitiva, para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clústers empresariais galegos e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (código de procedemento IN540A), por un importe de dous millóns cincocentos cincuenta e sete mil seiscientos oitenta e oito euros (2.557.688,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as empresas Barras Eléctricas Galaico Asturianas, S.A. (BEGASA), a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE), Distribuidora Eléctrica de Catoira, S.A., Eléctrica de Valdriz, S.L. e Electro Manzaneda, S.L., para a mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia-2011, por un importe de dous millóns douscentos mil douscentos setenta e catro euros con dezasete céntimos (2.200.274,17 euros).

#### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo que autoriza a orde pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán o concurso público de seis bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e se procede á súa convocatoria, por un importe total de cento corenta e nove mil corenta euros (149.040,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do Centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2011-2012, por un importe total de catrocentos noventa mil noventa e seis euros e cincuenta céntimos (490.096,50 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do Centro de Formación Profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2011-2012, por un importe total de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros e sesenta e un céntimos (106.925,61 euros).

---

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o intercambio de información sobre licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios a medida.

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Lourenzá, para a realización das obras de consolidación e acondicionamento da Fortaleza de Tovar por un importe total de trescentos quince mil euros (315.000,00 euros).

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2011. (Importe: sete millóns seiscientos setenta e nove mil douscentos sesenta e dous euros con vinte e cinco céntimos (7.679.262,25 euros).
- Acordo polo que se encomenda á Consellería de Traballo e Benestar a constitución da comisión de seguimento ao abeiro do artigo 35 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en relación á reserva de contratos a centros especiais de emprego e a empresas de inserción sociolaboral.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co concello de Agolada (Pontevedra), para a xestión do centro de limpeza e desinfección dese concello por un importe de dez mil euros (10.000,00 euros).

---

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o gasto farmacéutico.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe executivo enquisa OCUPESCA 2010.

---

## A NOVA LEI DE FAMILIA AMPLIA O RECOÑECIMENTO E OS DEREITOS DOS NOVOS MODELOS DE CONVIVENCIA DA SOCIEDADE ACTUAL

- *O Consello da Xunta aprobou o anteproxecto de lei que agora se remitirá ao Parlamento galego para rematar a súa tramitación*
- *Define un trato preferente para as familias de condicións especiais: numerosas, monoparentais, acolledoras, con persoas con discapacidade, dependentes ou maiores a cargo*
- *O anteproxecto de lei prevé o desenvolvemento do Plan Galego de Apoio á Familia, así como do Plan Galego de Apoio á Natalidade como instrumentos de planificación estratéxica*
- *O texto, que respecta a liberdade para organizar a convivencia (matrimonio e parentesco, familias monoparentais e parellas de feito), está integrado por tres títulos ademais do preliminar; catro disposicións adicionais; unha transitoria, outra derogatoria e tres derradeiras*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de apoio á Familia e á Convivencia de Galicia, que ten como principal obxectivo adaptar a normativa anterior –que data de 1997- á sociedade actual e, en consecuencia, aos novos modelos de familia. Por iso, o novo texto amplía o recoñecemento e os dereitos de novas formas de convivencia que existen actualmente e non se contemplaban na lexislación anterior, ao tempo que presta especial protección aos máis vulnerables, como a infancia e os maiores.

Entre os seus obxectivos figuran, ademais, a promoción da igualdade; protección á maternidade; apoio á familia en xeral, e trato preferente a aquelas que reúnen condicións especiais (numerosas, monoparentais, con maiores, discapacitados ou dependentes a cargo e acolledoras); o impulso do acollemento familiar; e o reforzo do papel das persoas maiores como membros activos tanto da familia como no eido social.

A nova normativa inclúe como destinatarios desta nova norma as familias, sexa cal sexa o modelo. Así están recollidos expresamente os matrimonios e os inscritos no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia (cos ascendentes que deles dependan sexa por filiación, adopción, tutela ou acollemento); persoas individuais que formen un núcleo estable de convivencia (ascendentes e persoas ao cargo incluídas); a muller xestante; así como a muller ou o home en proceso de adopción en solitario que teñan formalizado un acollemento familiar preadoptivo.

Todos os departamentos da Xunta estarán implicados na aplicación desta normativa, de carácter integral e transversal, porque afecta os ámbitos do benestar social,

---

atención socio sanitaria, educación, igualdade, formación, participación, voluntariado, lecer e cultura, entre outros.

O texto, que respecta a liberdade para organizar a convivencia (matrimonio e parentesco, familias monoparentais e parellas de feito), está integrado por tres títulos -da familia; da infancia e adolescencia e o destinado a infraccións e sancións- ademais do preliminar; catro disposicións adicionais; unha transitoria, outra derogatoria e tres derradeiras.

### **Plan Galego de Apoio á Familia e Plan de Apoio á Natalidade**

No eido da natalidade, o anteproxecto de lei prevé o desenvolvemento do Plan Galego de Apoio á Familia, así como do Plan Galego de Apoio á Natalidade como instrumentos de planificación estratéxica. Ao mesmo tempo, o texto promove a colaboración entre as distintas administracións e a elaboración de ferramentas específicas como os plans municipais e provinciais de familia e natalidade.

No que se refire ao apoio familiar en situacións de risco, este tradúcese na concesión de axudas para a mellora do medio e da atención das necesidades de nenos e adolescentes, co fin tamén de evitar a separación dos seus membros. Serán os técnicos dos servizos sociais básicos, específicos e especializados os que realicen estes labores de apoio.

Así, prestarase asesoramento e orientación técnica a pais, nais, titores e gardadores, atención en centros de día e axuda a domicilio; impartirase educación familiar; elaboraranse programas de intervención para preservar ou reunificar a familia; seguirase a evolución do neno ou adolescente e mediarase en conflitos familiares.

### **Familias con condicións especiais**

As familias numerosas, monoparentais, acolledoras ou con maiores, persoas con discapacidade ou dependentes ao cargo terán un trato preferente nos eidos educativo e formativo (acceso ás escolas infantís e cursos de formación ocupacional, bolsas, axudas para libros e materiais, matrícula universitaria); da vivenda; transporte; lecer, tempo libre e cultura; novas tecnoloxías e outras axudas.

Entre outras cuestións, apoia especificamente as mulleres xestantes en situación de risco ou de vulnerabilidade social. De feito, será unha das primeiras normativas do Estado en ofrecer a posibilidade de que a muller embarazada sexa declarada como unidade familiar.

### **Consello Galego das Familias**

---

No título preliminar, o documento establece a creación do Consello Galego das Familias e do Observatorio Galego da Familia e da Infancia, como órganos asesores e de participación, adscritos á Consellería de Traballo e Benestar. Así mesmo, poranse en marcha servizos de apoio e atención a través das tecnoloxías da información e comunicación.

Tamén promove redes de recursos de apoio ás familias, como os centros de atención á infancia; os de atención ás persoas maiores e/ou con dependencia, gabinetes de orientación familiar e puntos de encontro familiar.

### **Persoas maiores**

A futura lei será unha das primeiras do Estado en recoñecer as persoas maiores como membros activos da familia, á parte de protexer os seus dereitos; promover o seu benestar, autonomía e implicación na sociedade; e garantir o seu coidado e a cobertura das súas necesidades.

O texto legal potencia as actuacións vinculadas á atención sociosanitaria dos maiores; educación, formación e integración en asociacións; representación por parte das administracións públicas e implicación no eido do voluntariado, sobre todo en materia de solidariedade interxeracional.

### **Os menores, unha protección prioritaria**

No documento establécese que o interese dos menores de idade ten que prevalecer sobre calquera outro por tratarse dos membros máis vulnerables, como xa se viña facendo ata o momento. Así, recolle os seus dereitos e obrigas, define medidas de protección e prevención de situacións de risco e de desamparo, á parte dun réxime sancionador.

Neste senso, poténcianse os acollementos familiares de menores como recurso prioritario fronte ao seu ingreso nun centro residencial naqueles casos en que non é posible manter a súa convivencia no fogar propio. Esta será a primeira alternativa cando non é posible que o rapaz ou rapaza permaneza coa súa familia.

Nestas situacións tratarase de evitar a separación de irmáns ou irmás cando se acorde o acollemento; favorecer a permanencia do neno ou adolescente no seu propio ambiente, de forma que o acollemento se produza en familia extensa; intentar as relacións entre o menor e a súa familia natural para posibilitar a reintegración nela e manter a medida durante o período de tempo estritamente necesario.



---

### **Ampliación de servizos e recursos en prol da conciliación**

Destina tamén un capítulo específico –o V- ás medidas a prol da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Neste eido, entre outras, inclúese a preferencia na adxudicación de contratos coa Administración daquelas empresas que implanten medidas a favor da igualdade de oportunidades e da conciliación; a promoción de postos de traballo non presenciais ou axudas e prestacións económicas para as familias.

Así mesmo, desde a Xunta impulsárase a mellora dos servizos fóra do ámbito lectivo mediante a apertura de centros durante os días laborables non lectivos e vacacións escolares; coa ampliación do horario de apertura dos centros e a ampliación da rede de escolas infantís.

---

## A XUNTA APROBA TRES NOVOS PLANS DE EMERXENCIA EXTERIOR E DÚAS RENOVACIÓNS EN EMPRESAS QUIMICAS GALEGAS

- *Estes novos plans teñen como obxectivo determinar os posibles riscos das instalacións industriais e ter preparada a resposta adecuada para minimizar as consecuencias en caso de producirse un accidente*
- *Os tres novos plans pertencen ás empresas Arteixo Química (sita en Arteixo, A Coruña), CLH-Vigo (en Vigo) e Syngenta Agro (no Porriño, Pontevedra).*
- *As dúas renovacións corresponden ao polígono A Grela-Bens, na Coruña e ao polígono Os Praceres-Lourizán (Pontevedra)*

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa reunión semanal tres novos plans de emerxencia exterior e dúas renovacións de plans de empresas químicas situadas na comunidade galega. Os tres novos plans pertencen ás empresas Arteixo Química (sita en Arteixo, A Coruña), CLH-Vigo (en Vigo) e Syngenta Agro (no Porriño, Pontevedra).

Estes novos plans de emerxencia exterior son documentos que se elaboran para prever e mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves en que interveñan substancias perigosas. Establecen as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios parra a súa aplicación e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos que poidan intervir.

Entre os seus contidos, estes novos plans establecen as zonas de intervención e alerta, preveñen a estrutura organizativa e os procedementos de intervención para as situacións de emerxencias por accidentes graves, preveñen os procedementos de coordinación co plan estatal para garantir a súa adecuada integración, establecen os sistemas de articulación coas organizacións das administracións municipais e definen os criterios para a elaboración dos plans de actuacións municipais, especifican os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que se deben tomar e sobre o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente, catalogar os medios e recursos específicos, e tamén garantir a implantación e o mantemento do plan

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece que lle corresponde ao Consello da Xunta, co informe previo da Comisión Galega de Protección Civil, a aprobación dos plans especiais. Finalmente estes plans son homologados pola Comisión Nacional de Protección Civil.

---

### **Renovación PEE A Grela-Bens e Os Praceres-Lourizán**

Ademais, da aprobación destes novos plans de emerxencia exterior, o Consello da Xunta aprobou hoxe por decreto a revisión do Plan de emerxencia exterior do polígono A Grela-Bens (CLH Coruña Repsol-Butano e Repsol- Petróleo YPF na Coruña), que foi aprobado por primeira vez en xuño de 1995, e o Plan do polígono dos Praceres- Lourizán (ENCE-ELNOSA en Pontevedra) que foi aprobado en decembro do 1995.

Estes dous plans é necesario actualizalos periodicamente, tanto na parte de análise de riscos, por modificacións sufridas nos establecementos, como na vulnerabilidade, pois o contorno foi modificado (construcións residenciais, novas infraestruturas...). Tamén se modifican os medios e os recursos de cada plan para evitar danos no exterior.

---

## A XUNTA ACTUALIZA A NORMATIVA EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL PARA PERMITIR A MELLORA DA PRESTACIÓN DESTES SERVIZOS

- *A normativa establece mecanismos orientados a fomentar a axilización administrativa, coa redución da tramitación no ámbito da seguridade industrial*
- *A xestión telemática estará en funcionamento a finais deste exercicio*
- *A nova regulación permitirá aos consumidores ter ao seu dispor unha maior oferta na prestación de servizos a prol da calidade industrial*
- *Para completar as actuacións nesta materia, a Consellería de Economía e Industria tamén traballa nun plan pioneiro de inspección no ámbito da seguridade industrial*

O Consello da Xunta de Galicia dá o seu visto e praxe ao proxecto do decreto da Consellería de Economía e Industria que actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptándoa á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, para permitir a mellora na prestación destes servizos no mercado interior.

A Consellería de Economía e Industria incluíu nesta normativa mecanismos orientados a fomentar a axilización administrativa na obtención da habilitación para prestar os servizos previstos no decreto, mediante a redución da tramitación administrativa no ámbito da seguridade industrial.

Deste xeito, o decreto prevé a conformación dun contorno máis favorable e transparente, ao implantar a tramitación telemática, que poderá estar en funcionamento a finais deste exercicio, co obxectivo de mellorar a eficiencia da prestación dos servizos no eido da seguridade industrial.

A nova regulación permitirá aos consumidores ter ao seu dispor unha maior oferta na prestación de servizos a prol da calidade industrial, principalmente os prestados por empresas instaladoras e mantedoras. Deste xeito, facilitarase a igualación do nivel de competitividade ao contorno europeo, segundo os parámetros establecidos na lexislación comunitaria.

Ademais, para completar as actuacións nesta materia a Consellería de Economía e Industria tamén traballa nun plan pioneiro de inspección no ámbito da seguridade industrial, en colaboración coa Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E O COLEXIO DE PSICOLOXÍA PARA A ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O convenio tamén establece a realización dun programa de atención psicolóxica aos homes con problemas de control da violencia no eido familiar*
- *A Secretaría Xeral da Igualdade achegará 154.600 euros ao Colexio de Psicoloxía para a atención das vítimas e as súas familias, así como aos homes con problemas de violencia no eido familiar que queiran aprender novas condutas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o contido do convenio de colaboración que nos vindeiros días asinarán a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a realización dos programas de Atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas familias, e Abramsos o círculo, destinado a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Neste convenio establécese que a Secretaría Xeral da Igualdade achegará 154.600 euros, dos cales 120.000 están destinados ao Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e 34.600 ao programa Abramsos o círculo, dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia e co seu círculo social e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade, e que non teñen unha condena por malos tratos.

### **Atención psicolóxica ás vítimas**

O programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero está dirixido a aquelas mulleres que teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que as axuden a afrontar a situación e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

O programa, que se iniciou no ano 2004, conta cunha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para atención terapéutica personalizada.

---

No ano 2010 beneficiáronse deste programa 509 persoas, 157 máis que no ano 2009. Delas, 376 foron mulleres, 129 menores e 4 persoas dependentes da vítima, que foron atendidos por 57 profesionais da psicoloxía.

### **Programa Abramos o círculo**

Trátase dun programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Os homes acceden a este programa de forma voluntaria, e non poden ter unha condena por malos tratos.

O programa, que se iniciou no ano 2001, ten como finalidade ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control da violencia no ámbito familiar, e ofrece dúas áreas de intervención: información e atención e intervención psicolóxica personalizada.

No ano 2010 beneficiáronse deste programa un total de 64 homes, 16 máis que en 2009, e participaron 21 profesionais da psicoloxía.

---

## MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 400.000 EUROS PARA COMPLETAR E MELLORAR A CARTOGRAFÍA DO TERRITORIO GALEGO A TRAVÉS DA ORTOFOTOGRAFÍA AÉREA

- *A consellería asinou un convenio coa Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia para actualizar as ortoimaxes correspondentes a máis de 13.000 quilómetros cadrados de Galicia*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández considera imprescindible contar cunha infraestrutura cartográfica e de datos espaciais detallada*
- *A vixencia do convenio esténdese ao longo deste ano 2011*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (Sodeco) para a actualización da cobertura de ortoimaxes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e elaboración do modelo de elevacións do terreo para a zona oeste por importe de 438.290,91 €.

Mediante este convenio, financiado integramente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Sodeco, a través do Sistema de Información Territorial de Galicia (Sitga), actualizará a cobertura ortofotográfica de Galicia a 25 cm/píxel dunha superficie de algo máis de 13.333 quilómetros cadrados (da zona oeste da Comunidade) a partir dos fotogramas dos voos efectuados polo Instituto Xeográfico Nacional.

O departamento que dirixe Agustín Hernández considera imprescindible contar cunha infraestrutura cartográfica e de datos espaciais detallada, que inclúa a cobertura ortofotográfica do territorio galego, apta para a súa integración no sistema de información xeográfica nacional.

Estas actividades permitirán o estudo e planificación do desenvolvemento territorial e a elaboración de estudos de carácter físico ambiental que proporcionen información aplicada á ordenación do territorio. Ademais, a información obtida será aplicable a outras materias como a delimitación de zonas inundables, o control e xestión hidrolóxica, o estudo do cambio climático, ou a análise da incidencia dos incendios e fenómenos de erosión ou desertificación. Así, estes traballos constituirán unha das bases fundamentais para o recoñecemento da realidade e identidade galega.

A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe será o organismo encargado da dirección e coordinación técnica dos labores obxecto deste convenio, que prevé tamén a constitución dunha comisión mixta de seguimento, de composición paritaria, que coordinará o desenvolvemento do convenio e resolverá calquera cuestión que se

---

suscite en relación coa súa interpretación e cumprimento. A comisión de seguimento estará integrada por dúas persoas da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe e dúas de Sodeco. A vixencia do convenio rematará o 15 de decembro deste ano 2011.



---

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO ENTRE AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE CALDAS, MORAÑA E CUNTIS NO CAL SE FIXAN AS BASES DA EXPLOTACIÓN DA PRESA NO RÍO UMIA

- *Medio Ambiente destina preto de 370.000 euros a repartir entre os concellos beneficiarios en igual proporción*
- *Os citados concellos asumen a condición de beneficiarios das axudas previstas no prego da concesión e no presente convenio*
- *O anterior convenio esgotou a súa vixencia en decembro de 2010, motivo polo que se fixo necesaria a sinatura do presente acordo*
- *O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2011*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña no que se establecen as bases da explotación do aproveitamento hidroeléctrico da presa do río Umia.

Este acordo determina as cantidades do canon devengado pola explotación hidroeléctrica da presa de Caldas que se destina aos citados concellos para o financiamento de obras de carácter educativo, cultural e de asistencia social.

Augas de Galicia destina preto de 370.000 euros a repartir entre os concellos beneficiarios en igual proporción.

Coa aprobación deste convenio preténdese fixar as condicións ás cales deberá suxeitarse a Deputación de Pontevedra na xestión de fondos, en calidade de entidade colaboradora. O acordo tamén ten como fin establecer as bases para a concesión para a explotación, como aproveitamento hidroeléctrico, da presa de Caldas de Reis.

Os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña asumen a condición de beneficiarios das axudas previstas no prego da concesión e no presente convenio para aquelas actividades incluídas no ámbito material previsto, cando se desenvolvan en cada municipio.

Cómpre sinalar que se constitúe unha comisión de seguimento, presidida pola Presidencia de Augas de Galicia e integrada por representantes de Augas de Galicia, Deputación de Pontevedra e dos concellos de Caldas, Cuntis e Moraña.

---

Esta comisión impulsará e avaliará o cumprimento do presente convenio, interpretará o seu contido en caso de dúbida e propondrá resolucións a posibles controversias que poidan xurdir na aplicación.

**Antecedentes**

O 13 de novembro de 2002 asinouse o primeiro convenio co obxecto de establecer as bases que rexerían a cooperación técnica e económica entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña.

O 22 de abril de 2010, o prego de bases foi modificado no sentido de prever a actualización daquelas cantidades en función do IPC. Asinouse un novo convenio o 22 de novembro de 2010, acordo que esgotou a súa vixencia o 31 de decembro do pasado ano, motivo polo cal resulta necesaria a presente sinatura.

O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2011.

---

## MEDIO AMBIENTE CONSTRUIRÁ UN COLECTOR NO CONCELLO DE VALGA PARA RECOLLER AS AUGAS RESIDUAIS DE 12 NÚCLEOS DE POBOACIÓN E EVITAR A SÚA VERTEDURA AO RÍO LOURO

- *A actuación suporá un investimento de 600.000 euros*
- *As obras consistirán na instalación dun colector de 3.330 metros de lonxitude que discorrerá paralelo ao río Louro*
- *Ademais, Medio Ambiente instalará 4 ramais e 51 pozos de rexistro que facilitarán chegar o saneamento aos pequenos núcleos de poboación*
- *O prazo de execución será de 12 meses e permitirá beneficiar preto de 2.000 veciños do concello de Valga*
- *Con este novo investimento, a Administración autonómica destinou ao saneamento de Valga case 4 millóns de euros, pois tamén financiou as obras das tres primeiras fases, nas cales se incluíu a construción da depuradora*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Valga, en Pontevedra, para a ampliación do saneamento deste concello, no cal Medio Ambiente investirá máis de 630.000 euros. Con este proxecto, a Consellería de Medio Ambiente reducirá o nivel de verteduras ao río Louro, onde recollerá as augas residuais de 12 núcleos do municipio.

Esta nova actuación consistirá na instalación dun novo colector de 3.300 metros de lonxitude e 315 mm de diámetro que discorrerá paralelo ao río Louro e permitirá recoller as augas residuais de 12 núcleos do concello pontevedrés: Senín, Louro, Sisto, Barro, Os Cotriños, Balleas, A Canle, A Gándara, Barcia, O Forno, Socastro e A Casanova. Así mesmo, tamén se prevé a posibilidade de conexión futura á rede das poboacións do Outeiro, Setecoros, Bronllo, A Cerneira Magariños e Reguengo.

Ademais, Medio Ambiente instalará 4 ramais e 51 pozos de rexistro que facilitarán chegar o saneamento aos pequenos núcleos de poboación. Un dos ramais, que discorrerá polo lugar de Senín, terá unha lonxitude de 785 m de lonxitude e contará con 18 pozos de rexistro. O segundo ramal, de 525 m de lonxitude, recollerá as augas residuais de Louro, e contará con 16 pozos de rexistro. O terceiro e cuarto ramal estarán instalados en Balleas e Beiro e terán unha lonxitude de 360 e 273 metros de lonxitude respectivamente. Neste caso, será necesario instalar 10 pozos de rexistro en Balleas e outros 7 en Beiro.

Así mesmo, entre o colector xeral do río Louro e os respectivos ramais sumarán un total de 5.270 metros de tubaxe que recollerá as augas residuais de diferentes puntos

---

do concello pontevedrés de Valga. O prazo de execución será de 12 meses e permitirá beneficiar a preto de 2.000 veciños do concello de Valga.

### **Antecedentes**

A Administración autonómica leva investidos máis 3,2 millóns de euros no saneamento do concello de Valga, incluíndo a construción da estación depuradora de augas residuais (EDAR) levada a cabo na primeira fase (no ano 2003), que supuxo un investimento de 2,2 millóns de euros. As accións desta primeira fase proxectáronse para abastecer á totalidade dos núcleos de Valga xa que carecían dunha infraestrutura básica de saneamento e de depuración de verteduras das súas augas residuais. Ademais da EDAR, proxectouse unha rede de colectores que recollerían as verteduras das parroquias de Campaña, Xanza, Valga e Setecoros.

En canto ás obras da segunda fase, deseñouse e construíuse a ampliación da EDAR para dar servizo á parroquia de Cordeiro, unha actuación que implicou a realización dunha rede de colectores, dun pozo de bombeo e unha impulsión, así como a reposición do servizo afectados. O orzamento achegado pola Administración autonómica ascendeu a 292.165 euros. O prazo de execución estipulado foi de 8 meses e, finalmente, foi recibida en novembro de 2005.

A terceira fase, que está a piques de rematar, contou cun orzamento de 700.000 euros e consistiu en ampliar a rede de saneamento levada a cabo nas fases anteriores para dar servizo aos núcleos de Castiñeiras e Laxes. Nesta fase levouse a cabo unha rede de tres colectores principais (dous paralelos á vía de ferrocarril para poder conectar coa rede da 2ª fase e un terceiro colector que conecta con todos os ramais que prestan servizo aos pequenos núcleos) ademais dunha rede de ramais secundarios de curto percorrido que acometen á rede principal.

Por último, o proxecto desta terceira fase tamén implicou a instalación do bombeo, cos seus correspondentes accesorios, e controladas mediante un cadro eléctrico que se conecta á rede de baixa tensión existente.

---

## MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 370.000 EUROS NAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE BEARIZ

- *O proxecto inclúe a instalación de tubaxe e novas redes nos núcleos de Muradas e Lebozán*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende resolver carencias en infraestruturas dos concellos galegos*
- *A Xunta está a levar a cabo as actuacións necesarias en materia de saneamento para garantir o cumprimento da Directiva de augas residuais, establecendo un plan de control de verteduras urbanas*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o proxecto de colaboración técnico-financiera da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Beariz para a execución do abastecemento e saneamento nos núcleos de Muradas e Lebozán.

O goberno galego, a través de Augas de Galicia, realiza unha achega económica de máis de 370.000 euros para levar a cabo estas melloras hidráulicas.

No núcleo de Muradas, tanto o abastecemento como o saneamento son moi antigos e sofren deficiencias importantes, polo cal se cambiará a actual rede unitaria por outra separativa. Instalaranse 1.172 metros de tubaxe ao longo da estrada OU-213 que cruza a poboación de norte a sur.

Parte da rede de pluviais verte á rede existente en Beariz e o resto verte a unha valgada na entrada a Muradas. A rede de residuais tamén ten dúas vertentes, unha a rede de Beariz e a outra é a que vai polo centro de Muradas, desembocando na depuradora.

O proxecto inclúe, ademais, 1.176 metros de tubaxe en previsión de alimentación de 25 futuras luminarias, instalación das súas bases, arquetas da liña e a reposición do pavimento da beiravía.

En Lebozán proxéctase unha rede nova de 554 metros de tubaxe que vai verter na depuradora existente, aproveitando as obras para instalar tamén un novo abastecemento en tubaxe, xa que o actual ten diámetros moi reducidos.

As obras, cuxo prazo de execución é de seis meses, beneficiarán 135 habitantes de Muradas e 65 habitantes de Lebozán, aos cales se lles ofrecerá un servizo axeitado

---

de saneamento e abastecemento. Elimínanse as fosas sépticas e os problemas de salubridade que elas comportan.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende resolver carencias en infraestruturas dos concellos galegos. Deste xeito, mellórase a calidade de vida dos cidadáns e poténciase o desenvolvemento económico e social dos municipios.

A Xunta de Galicia está a levar a cabo as actuacións necesarias en materia de saneamento para garantir o cumprimento da Directiva de augas residuais, establecendo un plan de control de verteduras urbanas. Tamén se garante a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e cúmprese coa Directiva marco da auga. A regulación dos recursos hídricos mediante a execución das obras necesarias permite velar polo consumo responsable e fomentar o aforro.

---

## AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA ASUME AS COMPETENCIAS EN MATERIA DE SOLO DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE CALDAS DE REIS

- *O municipio pontevedrés delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística do solo rústico e urbanizable así como nos núcleos rurais*
- *Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello*
- *Con esta adhesión serían 53 os concellos adheridos á APLU, o que supón unha superficie de máis de 4.000 km<sup>2</sup> e un beneficio para máis de 218.000 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello pontevedrés de Caldas de Reis.

En virtude deste acordo, o municipio de Caldas delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

### **Ingresos compartidos**

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades dende o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia (DOG), considerando que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe

a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o concello debe prestar cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuir ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

#### Adhesións autorizadas

Con este novo acordo serán 53 os concellos adheridos á Axencia da Protección da Legalidade Urbanística. Con isto, a APLU xestiona actualmente máis de 4.000 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos 53 concellos: 14 na Coruña, 8 en Lugo, 20 en Ourense e 11 en Pontevedra, o que supón máis de 218.000 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (Km <sup>2</sup> )
<b>A CORUÑA</b>		
<b>A BAÑA</b>	<b>4.528</b>	<b>98</b>
<b>A CAPELA</b>	<b>1.439</b>	<b>58</b>
<b>ARES</b>	<b>5.628</b>	<b>18,3</b>
<b>ARZÚA</b>	<b>6.484</b>	<b>155,4</b>
<b>BOIMORTO</b>	<b>2.348</b>	<b>82,4</b>
<b>CARIÑO</b>	<b>4.617</b>	<b>46,8</b>
<b>CEDEIRA</b>	<b>7.511</b>	<b>85,4</b>
<b>DODRO</b>	<b>3024</b>	<b>36,1</b>
<b>LOUSAME</b>	<b>3.702</b>	<b>93,6</b>
<b>MUGARDOS</b>	<b>5.605</b>	<b>12,8</b>
<b>OROSO</b>	<b>6.804</b>	<b>72,1</b>
<b>PORTO DO SON</b>	<b>9.867</b>	<b>94,6</b>
<b>TOQUES</b>	<b>1.416</b>	<b>77,9</b>



<b>VAL DO DUBRA</b>	<b>4.481</b>	<b>108,7</b>
<b>LUGO</b>		
<b>BECERREÁ</b>	<b>3.276</b>	<b>172,1</b>
<b>BEGONTE</b>	<b>3.538</b>	<b>126,8</b>
<b>CASTROVERDE</b>	<b>3.110</b>	<b>174,2</b>
<b>LOURENZÁ</b>	<b>2.569</b>	<b>62,6</b>
<b>O SAVIÑO</b>	<b>4.570</b>	<b>196,6</b>
<b>RIBEIRA DE PIQUÍN</b>	<b>723</b>	<b>73</b>
<b>TRABADA</b>	<b>1.436</b>	<b>82,7</b>
<b>O VALADOURO</b>	<b>2.209</b>	<b>110,5</b>
<b>OURENSE</b>		
<b>AMOEIRO</b>	<b>2.318</b>	<b>39,7</b>
<b>CARBALLEDA DE AVIA</b>	<b>1.607</b>	<b>47</b>
<b>CASTRELO DE MIÑO</b>	<b>1.981</b>	<b>39,7</b>
<b>CASTRELO DO VAL</b>	<b>1.240</b>	<b>122</b>
<b>CORTEGADA</b>	<b>1.367</b>	<b>26,9</b>
<b>ENTRIMO</b>	<b>1.406</b>	<b>84,5</b>
<b>GOMESENDE</b>	<b>1.048</b>	<b>28,3</b>
<b>MACEDA</b>	<b>3.143</b>	<b>101,9</b>
<b>MASIDE</b>	<b>3.087</b>	<b>40</b>
<b>O BARCO DE VALDEORRAS</b>	<b>14.040</b>	<b>85,7</b>
<b>PADERNE DE ALLARIZ</b>	<b>1.597</b>	<b>38,8</b>
<b>PARADA DE SIL</b>	<b>729</b>	<b>62,4</b>
<b>PETÍN</b>	<b>1.042</b>	<b>30,5</b>
<b>PIÑOR</b>	<b>1.430</b>	<b>52,7</b>
<b>PUNXÍN</b>	<b>891</b>	<b>17,1</b>
<b>SAN AMARO</b>	<b>1.335</b>	<b>28,9</b>
<b>TABOADELA</b>	<b>1.690</b>	<b>25,2</b>
<b>VERÍN</b>	<b>14.237</b>	<b>94,1</b>

---

VILAMARÍN	2.254	56,1
VILARDEVÓS	2.382	152,1
<b>PONTEVEDRA</b>		
A GUARDA	10.404	20,5
CALDAS DE REIS	10.045	68,1
CUNTIS	5.172	79,8
FORCAREI	4.336	168,4
MEAÑO	5.475	27,8
MORAÑA	4.349	41,3
NIGRÁN	17.869	34,8
OIA	3.192	83,3
PONTEAREAS	6.469	125,6
PONTECESURES	3.116	6,7
VILABOA	5.935	36,9
<b>TOTAL</b>		
<b>TOTAL</b>	<b>218.245</b>	<b>4.005,7</b>

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA MÁIS DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO CON ANTICIPOS DE ATA O 80% DAS AXUDAS AOS CLÚSTERS

- *O departamento que dirixe Javier Guerra instrumenta estas axudas de acordo con tres liñas para o reforzamento, o apoio á formación dos clústers xa existentes e o impulso a creación de novos conglomerados empresariais*
- *A Xunta considera preciso poñer en marcha os anticipos destas axudas para facer fronte ás restricións crediticias e impedir que os clústers deixen de acometer novos proxectos que poderían dar lugar, a medio e longo prazo, á mellora da competitividade do tecido produtivo de Galicia*
- *Esta política de apoio aos clústers, que o ano pasado beneficiou unións que aglutinan 2.500 empresas e máis de 100.000 empregados, está baseada na máis ampla cooperación interpempresarial co apoio efectivo e eficiente do Goberno galego*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao proxecto de acordo polo cal se autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións sen necesidade de prestación de garantías correspondentes á orde pola que se establecen as bases para concesión de subvencións para a mellora da competitividade do tecido produtivo galego mediante o apoio á creación e consolidación dos clústers empresariais galegos.

O departamento que dirixe Javier Guerra vai destinar máis de 2,5 millóns de euros a estas axudas, que se instrumentan de acordo con tres liñas de axudas para o financiamento de ata o 50% dos servizos de consultaría que teñan por finalidade a mellora competitiva do conglomerado empresarial do clúster; o apoio de ata o 60% para financiar aquelas accións formativas desenvolvidas ou contratadas polo clúster que melloren a capacitación do capital humano; e o apoio do 100% para aquelas accións desenvolvidas ou contratadas pola entidade promotora dun novo clúster empresarial galego durante o seu proceso de constitución.

A Consellería de Economía e Industria considera preciso poñer en marcha os anticipos destas axudas para facer fronte ás restricións crediticias e impedir que os clústers deixen de acometer novos proxectos que poderían dar lugar, a medio e longo prazo, á mellora da competitividade do tecido produtivo de Galicia, así como apoiar os procesos de consultoría e formación para reforzar o seu labor, e apoiar completamente a súa constitución para evitar problemas de tesouraría.

---

A Xunta de Galicia, a través do departamento que dirixe Javier Guerra, vén apostando nos últimos anos por unha política de creación e consolidación de clusters empresariais, como instrumento de impulso daquelas accións que poidan xerar unha mellora da vantaxe competitiva da nosa comunidade.

Esta política, que o ano pasado beneficiou clústers que aglutinan 2.500 empresas e máis de 100.000 empregados, está baseada na máis ampla cooperación interempresarial co apoio efectivo e eficiente da Xunta de Galicia como medio para fortalecer o músculo empresarial galego e gañar vantaxes competitivas establecendo fluxos de coñecemento, un maior tamaño e unha aposta pola innovación.

Con esta orde de apoio aos clústers procúrase a eficiencia no uso dos recursos públicos mediante o con financiamento das actuacións desenvolvidas polos conglomerados empresariais, o que implica un beneficio conxunto para as empresas que os conforman, e se apoia non só a consolidación dos clústers existentes, senón tamén a creación de novos clústers empresariais representativos.

---

## A XUNTA MOBILIZA CASE 6 MILLÓN DE EUROS NA MELLORA DA CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA

- *O convenio entre o Goberno galego e empresas distribuidoras de enerxía eléctrica está orientado á realización de actuacións de mellora das instalacións de distribución da enerxía*
- *O obxectivo é potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica especialmente en zonas onde cómpre mellorar a calidade deste servizo, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico*

O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar a sinatura dun convenio entre a Consellería de Economía e Industria e empresas distribuidoras de enerxía eléctrica que operan en Galicia (Empresas Barras Eléctricas Galaico Asturianas S.A. –Begasa-, a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia –Apyde-, a Distribuidora Eléctrica de Catoira S.A., a Eléctrica de Valdriz S.L. e Electro Manzaneda S.L.) para a realización de plans de mellora da calidade da subministración eléctrica na Comunidade Autónoma que beneficiarán a un poboación de case 400.000 persoas de aproximadamente medio cento de concellos das catro provincias galegas.

O Goberno galego mobilizará case 6 millóns de euros a apoiar a realización destes proxectos de mellora das instalacións de distribución de enerxía eléctrica, e polo tanto, a mellora da calidade da subministración eléctrica, así como a atención da demanda de enerxía eléctrica efectuada tanto polos particulares como polas empresas.

O obxectivo deste réxime de colaboración é potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica especialmente en zonas onde cómpre mellorar a calidade deste servizo, contribuíndo ao desenvolvemento económico destes territorios, así como á integración e equilibrio territorial, e á mellora das condicións de vida dos galegos.

---

## EDUCACIÓN IMPULSA E AMPLIA OS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN SOBRE A LINGUA E A CULTURA GALEGAS QUE DESENVOLVE O CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- ***A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a consellería convocará seis bolsas dirixidas a licenciados e licenciadas para colaborar en diversas liñas de estudo deste centro de investigación***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocará seis bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

A convocatoria destas bolsas, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta de Galicia, está dirixidas nomeadamente a licenciados e licenciadas nas titulacións de ciencias políticas e da administración, historia, documentación, tradución e interpretación e filoloxía. Ademais, os aspirantes deberán acreditar posuír os requisitos específicos para cada proxecto, que nesta convocatoria son *Dimensións da identidade colectiva de Galicia, Catalogación dos fondos bibliográficos do centro Ramón Piñeiro, Terminoloxía científico-técnica, Informes de Literatura, Recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos e Lírica profana galego-portuguesa*.

Para a selección dos bolseiros tamén se terá en conta o expediente académico, así como o currículo do solicitante, a experiencia en proxectos de investigación similares e mais a realización dunha entrevista persoal.

### **Impulsar a investigación sobre lingua galega**

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, baixo a dirección da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ten a función de promover a formación e capacitación de universitarios tanto no ámbito galego como internacional, a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas relacionados coa lingua e a cultura galegas.

Neste marco de actuación sitúase a oferta destas bolsas de colaboración, así como tamén a convocatoria de bolsas de estadias dirixidas a investigadores de procedencia internacional. En 2010, un total de 13 investigadores e investigadoras procedentes de universidades de Barcelona, Zaragoza, Cuba, Brasil, Marrocos, Portugal, México, Rusia e Irlanda gozaron dunha bolsa de estadia titorada por persoal do centro e cos cales colaboraron tamén os bolseiros e bolseiras dos diferentes proxectos.

---

## EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FUNCIONAMENTO DE CENTROS EDUCATIVOS

- *Os centros beneficiados son o Calvo Sotelo, que imparte formación profesional, e o IES Rafael Puga Ramón*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña asinarán dous convenios, un para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo e outro para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón.

En total serán algo máis de 597.000 euros destinados ao funcionamento de ambos os dous centros, durante o curso escolar 2011-2012. Trátase fundamentalmente de parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

Con esta iniciativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dá continuidade ao seu compromiso de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados nestes centros, tal e como vén facendo desde hai anos.

---

## **SANIDADE COLABORARÁ CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN SOBRE AS LICENZAS DE FUNCIONAMENTO DOS FABRICANTES DE PRODUTOS SANITARIOS A MEDIDA**

A Consellería de Sanidade considera necesario a adhesión ao convenio subscrito entre as comunidades autónomas de Euskadi, Cataluña, Andalucía, A Rioxa, Valencia, Aragón, Castela-A Mancha, Illes Balears, Madrid, e Castela-León, e que ten como fin o intercambio de información sobre as licenzas de funcionamento dos fabricantes de produtos sanitarios a medida.

O outorgamento destas licenzas require a acreditación previa de que os solicitantes contén coas instalacións, os medios materiais e o persoal adecuado para levar adiante as actividades correspondentes. A concesión das referidas licenzas corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas, unha vez comprobado que os solicitantes acrediten que dispoñen dunha estrutura organizativa capaz de garantir a calidade dos produtos e a execución dos procedementos e controis, así como das instalacións, equipamento e persoal adecuados, segundo as actividades e os produtos de que se trate.

Así mesmo, deberase garantir a dispoñibilidade dun responsable técnico e, se é o caso, dunha persoa de contacto para actuacións relacionadas co sistema de vixilancia; e, ademais, a dispoñibilidade dun sistema de arquivo documental para gardar a documentación relativa a cada produto fabricado. Tamén se garantizará a dispoñibilidade dun procedemento para aplicar as medidas de restrición e seguimento da utilización dos produtos que se determinen.

### **Máis elementos de seguridade para a cidadanía**

Dentro do marco establecido, e coa finalidade de mellorar a protección de servizos públicos aos produtores, varias comunidades autónomas teñen subscrito un convenio de colaboración mediante o que se produce un intercambio da información necesaria acerca do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente.

Desta forma, cando o título da licenza ten contratadas cun terceiro determinadas actividades de fabricación e o domicilio de ambas non se atopa nunha mesma comunidade autónoma, actívanse os mecanismos establecidos no convenio a fin de comprobar que dispoñen das instalacións, así como as medidas materiais e de persoal necesarias para o outorgamento ou, se é o caso, revogación das licenzas de funcionamento.



---

A posta en marcha desta medida vai proporcionar máis elementos de seguridade á cidadanía e o coñecemento puntual da situación en que se atopan os fabricantes destes produtos sanitarios, o que repercutirá positivamente no resultado final da actividade das administracións sanitarias.

A adhesión ao convenio non supón incremento de gasto por parte da Comunidade Autónoma.

Cómpre subliñar que a Xunta de Galicia aprobou, recentemente, outro convenio de colaboración entre comunidades autónomas, que naquel caso estaba referido ao recoñecemento recíproco dos certificados de formación dos aplicadores de tatuaxes, piercings e micropigmentacións.

---

## CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 315.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA FORTALEZA DE TOVAR, NO CONCELLO DE LOURENZÁ

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o concello lucense para o acondicionamento das cubertas e muros, a mellora das medidas de seguridade e as actuacións máis urxentes que permitirán a realización de visitas e o uso público da Fortaleza de Tovar*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Lourenzá para a realización das obras de consolidación e acondicionamento do Pazo Fortaleza de Tovar. Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo destinará 315.000 euros, repartidos en tres anualidades, para a posta en valor deste ben de interese cultural.

A Fortaleza de Tovar foi construída en 1530 e está situada na parroquia de San Tomé de Lourenzá, no Concello de Lourenzá. Na actualidade, o seu estado de conservación determina a necesidade de acometer obras urxentes que impidan a continua deterioración do monumento, e acondicionen os espazos máis representativos para a súa visita e uso público. As actuacións que levará a cabo a Consellería de Cultura e Turismo na Fortaleza de Tovar consisten principalmente na desmontaxe e almacenamento de material de cubrición para a súa reutilización; a rehabilitación dos sistemas estruturais de madeira de cuberta e forxados intermedios; e a consolidación e reparación en muros con retirada de vexetación. Asemade, tamén se realizarán a instalación eléctrica e iluminación básica; labores de carpintarías e reparacións en fiestras e portas e se acondicionará o contorno.

A Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Lourenzá deseñarán un itinerario para as visitas públicas á Fortaleza que, en todo caso, deberá determinarse en función das posibilidades e a seguridade do propio inmovible e excluindo aquelas dependencias ligadas de xeito exclusivo ao uso e funcionamento interno. O obxectivo desta actuación é garantir que o Pazo de Tovar poida ser visitado con normalidade e difundir a súa singularidade e riqueza arquitectónica, contribuíndo ademais á dinamización cultural e turística da comarca.

A Fortaleza de Tovar foi declarada ben de interese cultural en 1949, coa categoría de monumento, pola súa natureza de castelo e edificación fortificada. Data da primeira metade do século XVI e foi levantada por Don Antonio de Tovar, home de confianza do emperador Carlos V, no mesmo lugar onde se situaba a Torre de Canedo do século

---

XIII. Trátase dunha xoia do gótico isabelino e dun ben de interese cultural que se atopa moi preto do Camiño de Santiago (Camiño do Norte). A súa posta en valor enriquecerá aínda máis esta ruta xacobeá.

---

## MÁIS DE 15.000 TRABALLADORES, O DOBRE QUE O EXERCICIO ANTERIOR, BENEFICIARÁNSE DE CURSOS DE FORMACIÓN FINANCIADOS POLA XUNTA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de formación de ocupados, na cal o Goberno galego investirá máis de 7,6 millóns de euros, duplicando o investimento do ano 2010*
- *Arredor de duascenas entidades e empresas de toda Galicia xestionarán esta liña de subvencións coa cal se prevé poñer en marcha máis de 1.000 accións formativas*
- *Na iniciativa do Goberno galego tamén poderán inscribirse as persoas desempregadas que tiveren relación laboral coa empresa beneficiaria ao longo do período comprendido entre xaneiro de 2010 ata o comezo do curso*
- *O obxectivo dos programas é a reciclaxe dos traballadores dos sectores estratéxicos da comunidade autónoma e prioritariamente dos ámbitos afectados pola crise económica, entre os que se inclúen o naval e a automoción*
- *O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicará a convocatoria de axudas a próxima semana*

O Goberno galego duplicará este ano as axudas que anualmente concede para desenvolver cursos de formación dirixidos a traballadores ocupados. Así, a Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2011 a este fin máis de 7,6 millóns de euros. O departamento autonómico prevé que máis de 15.000 persoas poidan beneficiarse dos máis de 1.000 cursos que se poderán realizar, case o dobre que en 2010.

O Consello da Xunta vén hoxe de dar luz verde a esta liña de subvencións que poderán xestionar máis de duascenas entidades ou empresas de toda Galicia (empresas ou agrupacións de empresas e corporacións de dereito público), aínda que a cifra final dependerá do número que concorra á convocatoria. Hoxe, ademais, a orde recolle a posibilidade de que as empresas beneficiarias desta liña de axudas reciban un anticipo do 65 por cento do importe total da subvención no momento da súa concesión.

Os destinatarios desta acción da Xunta, cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE), serán prioritariamente as persoas traballadoras das empresas beneficiarias da axuda e tamén as persoas desempregadas que tivesen algunha relación laboral coa empresa beneficiaria da subvención durante o período comprendido entre xaneiro de 2010 e o e a data de inicio do curso. Para este colectivo, establécese unha cota do 25% do total de participantes en cada acción formativa. Ademais, poderán beneficiarse os traballadores e os membros ou asociados das corporacións de dereito público (colexios profesionais ou confrarías, entre outros exemplos).

---

A formación profesional para o emprego ten por finalidade proporcionar aos traballadores a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitadas ás necesidades que en cada momento precisen as empresas. Así, o obxectivo da iniciativa é permitir aos traballadores a mellora da súa capacitación profesional e promoción individual.

En concreto, a orde ten por obxecto regular os programas de formación dirixidos á reciclaxe e recualificación dos traballadores, prioritariamente dos sectores do naval e da automoción, estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia, e aos sectores do téxtil, transportes, alimentación, madeira, construción, agrario e pesqueiro e aqueles outros que como consecuencia da crise económica tivesen unha perda de afiliación á Seguridade Social superior a un por cento, no momento en que se publique esta orde.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicará a convocatoria de axudas a próxima semana. A partir de aí, as entidades contarán cun prazo dun mes para presentar as súas solicitudes. As previsións son que os cursos estean en marcha no mes de xullo.

---

## A XUNTA VELARÁ POLA RESERVA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA DE EMPRESAS QUE FAVORECEN A INSERCIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E EN RISCO DE EXCLUSIÓN

- *O Consello da Xunta acordou hoxe que o departamento autonómico constitúa unha comisión de seguimento para garantir que a Administración autonómica reserve parte da licitación pública en favor dos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral*
- *O artigo 35 da Lei de acompañamento á Lei de orzamentos para este ano 2011 establece como novidade en Galicia a reserva mínima do 3 por cento e máxima do 5 por cento dos contratos públicos a estes colectivos*
- *A Xunta apoia cunha liña de subvencións de 11 millóns de euros a creación e o mantemento do emprego nos centros especiais de Galicia*

O Consello da Xunta acordou hoxe que a Consellería de Traballo e Benestar sexa o departamento autonómico responsable de velar para que a Administración autonómica e demais entes do sector público dependentes dela reserven a participación dos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral en determinados procedementos de adxudicación de contratos. Trátase dunha obriga recollida no artigo 35 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

En concreto, a Lei de acompañamento á Lei de orzamentos para este ano 2011 establece como novidade en Galicia a reserva mínima do 3% e máxima do 5% dos contratos públicos en favor dos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

Así, Traballo constituirá unha comisión de seguimento para garantir que se cumpra con esta normativa, xa que é o departamento autonómico competente en materia de rexistro e fomento dos centros especiais de emprego e das empresas de inserción laboral en Galicia. De feito, as empresas e entidades beneficiarias da reserva deberán estar legalmente constituídas e inscritas nos respectivos rexistros oficiais da comunidade autónoma.

O obxectivo principal desta normativa é dar saída laboral ás persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. Os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral son entidades que desenvolven unha actividade produtiva e cumpre cunha dobre función: xerar emprego e contribuir á inserción sociolaboral dos colectivos con maiores dificultades, como son as persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social.

---

A Xunta aposta tanto polas empresas de inserción laboral como polos centros especiais de emprego apoiando, neste último caso, cunha liña de axudas de 11 millóns de euros a creación e o mantemento do emprego das persoas con discapacidade. Na actualidade hai constituídos 155 centros especiais de emprego en Galicia. O departamento autonómico prevé que arredor de 2.050 cidadáns (persoas con discapacidade e persoal traballador nas unidades de apoio) se beneficien destas subvencións. Pola súa banda, na actualidade existen en Galicia un total de 10 empresas especializadas de inserción laboral. A Consellería de Traballo e Benestar publicará en breve unha liña de axudas específicas para estas empresas.

A Consellería de Traballo e Benestar, unha vez asumida a competencia de constituír esta comisión de seguimento, celebrará a próxima semana a primeira xuntanza para nomear os representantes da comisión, que deberá estar formada por un membro do departamento autonómico, un representante da patronal con maioría nos centros especiais de emprego e nas empresas de inserción laboral. A comisión de seguimento reunirse con carácter trimestral para valorar a aplicación da reserva dos contratos na Xunta.

---

## O CONSELLO AUTORIZOU UN CONVENIO CO CONCELLO DE AGOLADA PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE GANDO

- *O orzamento global desta acción é de 10.000 euros para os anos 2011 e 2012*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co concello pontevedrés de Agolada para a xestión do centros de limpeza e desinfección, por un importe de 10.000 euros que se repartirán en dúas anualidades.

O obxecto do convenio é regular a xestión do centro de limpeza e desinfección de Agolada. O departamento que dirixe Samuel Juárez cede as instalacións do centro de limpeza deste concello. O centro dispón de elementos necesarios para cumprir co proceso de limpeza e desinfección dos vehículos e medios de transporte do gando.

A Lei de sanidade animal establece a obriga de limpeza e desinfección de todos os vehículos utilizados no transporte dos animais unha vez realizada a descarga, esta limpeza deberá facerse no centro de desinfección máis próximo, o cal expedirá un certificado do traballo realizado. Deste xeito garántese o correcto estado e tratamento do noso gando, certificando ao consumidor a calidade do produto que está a mercar.

### **Competencias**

O Concello de Agolada encargárase de contratar o persoal necesario para a prestación deste servizo; ocupárase do mantemento das instalacións e informará anualmente a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural dos vehículos lavados e desinfectados nestes centros, entre outras actividades.

### **Orzamento**

O presente convenio asínase cunha duración de dous anos -ata o 30 de decembro de 2012- por un importe global de 10.000 euros, a razón de 5.000 euros por ano.



---

## O GASTO FARMACÉUTICO DE FEBREIRO DE 2011 EXPERIMENTOU UN DESCENSO DE 8,4 MILLÓNS CON RESPECTO AO MESMO PERÍODO DO ANO ANTERIOR

- *É dicir, un 11,2% menos no interanual entre febreiro de 2011 e 2010*
- *Galicia, no tocante ao gasto en farmacia, pasou de experimentar un incremento de entre o 6% ou 7% anual a estabilizarse, aproximándose ao 0% en 2010, o mellor dato rexistrado dende que se transferiron as competencias sanitarias á Comunidade Autónoma*
- *A evolución na prescrición de xenéricos experimentou un incremento importante e actualmente sitúase nun 30%, por riba da media nacional*
- *A sanidade galega seguirá apostando por medidas de racionalización a través do impulso de prescricións eficientes, e así o ratificou na recente sinatura dos acordos de xestión para o ano 2011*

As iniciativas postas en marcha pola Consellería de Sanidade para a contención do gasto farmacéutico conseguiron que a factura farmacéutica de febreiro de 2011 se situase en 8,4 millóns de euros menos que o mesmo mes de 2010. Sitúase actualmente en 66,4 millóns de euros fronte aos 74,8 de febreiro de 2010, é dicir, unha diminución do 11,2%. Ademais, entre o mes de febreiro e o mes de xaneiro de 2011 houbo unha diminución da factura de 5,1 millóns. Así o explicou a conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, que presentou aos membros do Consello da Xunta un informe sobre o gasto farmacéutico.

Ademais, o pasado ano 2010 o crecemento da factura farmacéutica reduciuse ata o 0,7%, aproximándose á estabilidade; aínda que nos últimos cinco anos, ata o 2009, mantivo un crecemento anual acumulado de entre o 6% e o 7%. Este é o mellor dato dos indicadores de contención do gasto farmacéutico en Galicia rexistrado dende que se transferiron as competencias en materia de sanidade á Comunidade Autónoma.

No que atinxe ao gasto por receita -outro dos indicadores utilizados de referencia no ámbito da contención do gasto farmacéutico-, a entrada en vigor do Catálogo permitiu reduci-lo a 12,7 euros en febreiro de 2011, fronte aos 14,8 en febreiro de 2010, cunha diminución por riba do 14,21%.

### **Evolución da prescrición de xenéricos**

No que atinxe á evolución na prescrición de medicamentos xenéricos, esta experimentou un incremento importante e actualmente sitúase nun 30% (febreiro 2011), superando ao 27% de xaneiro de 2011, e observando unha importantísima evolución dende o 9,6% en xuño de 2008, a un 10,7% en xuño de 2009, e a un 14,5% no pasado mes de xuño de 2010.

---

En Europa, segundo os datos máis recentes –correspondentes a 2009- da Asociación de Produtores de Xenéricos, os países que máis utilizan os xenéricos son Suecia, Finlandia, Holanda e Reino Unido, que teñen consumos de entre o 44% e o 60% e que se atopan entre os de maior solvencia económica de Europa. Pola contra, os países que teñen unha utilización menor son aqueles cunha maior inestabilidade financeira, como Grecia (2%), Italia (10%) e Portugal (16%); mentres que España se atopa nun 26%.

#### **Necesidade da prescrición eficiente**

É necesaria a adopción de medidas urxentes que aseguren a sustentabilidade do sistema, o catálogo priorizado de produtos farmacéuticos demostrou nestes dous meses a súa efectividade sen diminuír a calidade e a equidade da prestación farmacéutica que reciben os cidadáns galegos.

O Servizo Galego de Saúde seguirá apostando por estas medidas de racionalización a través do impulso de prescricións eficientes no módulo de prescrición da historia clínica IANUS.

Así quedou ratificado na recente sinatura dos acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde con todas as xerencias de Atención Primaria e Especializada, recollendo entre os obxectivos para 2011 garantir unha prescrición por riba do 97% das especialidades farmacéuticas eficientes no sistema priorizado de prescrición de medicamentos do Sergas, é dicir, os xenéricos de maior uso ou medicamentos máis consolidados, e incrementar por riba do 18% a prescrición de xenéricos no resto dos grupos terapéuticos non incluídos no sistema priorizado de prescrición de medicamentos, así como manter por debaixo do 1,5% a prescrición das chamadas "novidades terapéuticas", especialidades farmacéuticas de recente incorporación moito máis caras pero sen valor terapéutico engadido.

## A FROTA GALEGA QUE PESCA NO CANTÁBRICO-NOROESTE MEDROU PRETO DE 170 POSTOS DE TRABALLO EN 2010

- *Un total de 1.050 tripulantes novos rexistráronse no Instituto Social da Marina ao longo do ano pasado para traballar neste caladoiro, no actual contexto de crise, fronte aos 883 que se deron de baixa*
- *O 61,7% dos traballadores por conta allea que pescan no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste e en augas interiores gozan de contrato indefinido*
- *Son datos dun estudo realizado pola Consellería do Mar para obter información sobre a poboación que traballa a bordo das embarcacións e así adoptar decisións de futuro*

O persoal dos buques con porto base en Galicia que pescan no caladoiro do Cantábrico-Noroeste incrementouse en 2010 en 167 tripulantes. Así, 1.050 tripulantes se deron de alta no Instituto Social da Marina durante o ano pasado, fronte aos 883 que se deron de baixa. Son resultados extraídos dunha enquisa elaborada pola Consellería do Mar sobre a poboación ocupada na frota galega que realizou a súa actividade en augas interiores de Galicia e no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste durante o ano pasado. A consellería presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe da enquisa Ocupesca cos resultados acadados.

A Consellería do Mar está a traballar intensamente para tratar de manter e incrementar os postos de traballo neste sector estratéxico para Galicia neste ano, a pesar das complicadas circunstancias ás que se enfronta o sector tras os recortes dos TAC e cotas establecidas pola UE para o presente ano 2011.

### **Traballadores indefinidos**

Ademais o informe sostén que a maioría dos traballadores por conta allea, que son 5.841 persoas, gozan de contrato indefinido -un 61,7 %- fronte ao 33,85 que teñen contrato temporal. Respecto da idade, cabe salientar que preto do 60% das persoas que traballaron no Cantábrico-Noroeste en 2010 teñen entre 35 e 45 anos. Das máis de 10.600 persoas que traballaron nas augas interiores de Galicia e neste caladoiro, máis de 6.000 están comprendidas nesta franxa de idade, o 94% son homes e a práctica totalidade dedícase a esta profesión a tempo completo.

En canto ao resto da poboación que traballa nestes caladoiros e nas augas interiores, máis do 30% está na franxa comprendida entre os 16 e os 34 anos e un 10% ten 55 ou máis anos. Outros datos que se obteñen deste estudo é que do total das persoas que traballo nas augas interiores de Galicia e neste caladoiro o ano pasado, máis de 7.400 (o 70%) pertencen á frota de artes menores. Á esta franxa de poboación séguelle o cerco, con máis de 1.300 tripulantes, e a de arrastre, con máis de 880.

---

Outro dato que se obtén do estudo é que a metade da poboación que traballou no caladoiro nacional é da provincia da Coruña.

En canto á nacionalidade, a enquisa amosa que case o 90% da poboación ocupada na frota galega é española e o outro 10% son estranxeiros. Dos 1.100 estranxeiros ocupados nesta profesión, a súa maioría son de orixe peruana, seguida da indonesia e máis de 600 traballan nas frotas de cerco e de artes menores.

O obxectivo da Consellería do Mar coa realización deste estudo é coñecer a situación de ocupación laboral e obter información sobre a poboación que traballa a bordo das embarcacións a fin de dispoñer de información actualizada que permita adoptar decisións de futuro acordes ás necesidades do sector e orientar as políticas da consellería no obxectivo de impulsar a profesión de mariñeiro na frota galega.

A enquisa consistiu en dúas fases, unha referente ao primeiro semestre de 2010 e outra ao segundo. Para a súa elaboración realizáronse 829 entrevistas a armadores de buques pesqueiros con porto base en Galicia -415 entrevistas na primeira parte e 414 na segunda-. A mostra distribuíuse en seis estratos en función da arte de pesca principal empregada polos buques -arrastre, cerco, palangre de fondo, palangre de superficie, enmalle e artes menores- e distribuíuse territorialmente segundo a provincia do porto base das embarcacións.